

PROGRAMACIÓN ABREVIADA 1º ESO

-Libro de texto: Utilizaranse os libros dixitais e demais materiais didácticos existentes na plataforma Edixgal e outras fontes que o profesorado con docencia neste nivel educativo indicará ao seu alumnado na aula.

-Temporalización:

1ª AVALIACIÓN:: 4 primeiros temas de Netex e 2 temas por concretar de AulaPlaneta (Plataforma EDIXGAL).

2ª AVALIACIÓN:: 4 temas de Netex seguintes e 2 temas por concretar de AulaPlaneta (Plataforma EDIXGAL).

3ª AVALIACIÓN:: 4 temas de Netex seguintes e 2 temas por concretar de AulaPlaneta (Plataforma EDIXGAL).

Non obstante, o profesorado poderá alterar esta orde se o considera conveniente para o mellor desenvolvemento das aulas.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS: os libros dixitais de Edixgal, os materiais elaborados polo profesorado, o caderno de alumno, libros de lectura e outros materiais tic.

Plan Lector.

1.-Lecturas Obligatorias (unha por avaliación)

1.- Contos por palabras, de Agustín Fernández Paz -Xerais-//B120, La Voz
2.- Chamádeme Simbad, Francisco Castro, Galaxia
3.- Un libro dixital: Poesía e teatro .

Dedicarase unha clase da semana á lectura dos libros: vocabulario, ditados, resumes...

2.- Lecturas Voluntarias:

- **Trece anos de Branca,** de Agustín Fernández Paz –Edebé-
- **O monstro das palabras,** María Reimóndez -Xerais -
- **Xelís, o guieiro das botellas de mar.** Aneiros Rosa. Xerais.
- **Os camiños do vento.** Xavier Estévez. Xerais
- **Leonardo e os fontaneiros,** María Vitoria Moreno –Galaxia-
- **Conta sete luas,** Andrea Maceiras. Xerais
- **Os nenos da variola,** Maria Solar. Galaxia.
- **Bala perdida,** Manuel Rivas. Xerais
- **A caixiña dos rancores,** Hector Cajaraville. Xerais.
- **A nena do vestido de flores.** Fontemoura Manuel. Aira Editorial.
- **A expedición do Pacífico,** de Marilar Aleixandre -Xerais-.
- **De como o santo dos croques se fai peregrino,** Pepe Carballude –SM-.
- **Icía quere cambiar o mundo.** Casalderrey, Fina (Ilustracións de Carmen Pernas).
- **Unha estrela para Amina.** Díaz Celia. Galaxia. (teatro)
- **Bicos e non balas.** García Teijeiro, Antonio. Galaxia. (poesía)

Calquera outro libro de lectura recomendado ou autorizado polo profesorado.

A biblioteca do instituto é un recurso imprescindible para levar a porto este proxecto de lecturas. Fomentarase a participación do alumnado no blog da Biblioteca:

<https://cadernodelecturas.blogspot.com/> e no blog do club de lectura www.nubedepalabrasc.blogspot.com

Cada obra de lectura voluntaria cualificarase ata 0,5, máximo de 1 punto na avaliación correspondente. Poderá facerse o control de lecturas voluntarias ata un mes antes da avaliación correspondente. Para sumar as lecturas e outras puntuacións voluntarias, cómpre ter una nota mínima de 3 puntos nos exames da materia. O sistema de avaliación da lectura voluntaria será determinado polo profesor.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN valorarase o grao de adquisición das competencias básicas, dos contidos e a consecución dos obxectivos.

Mínimos:

1. Saber sintetizar oralmente e por escrito o sentido global de diversos tipos de textos, orais ou escritos, diferenciando as ideas principais das secundarias.
2. Participar en galego en diversas situacións comunicativas, individual ou colectivamente (oralmente e por escrito). Recoñecer e usar a fonética galega.
3. Elaborar diferentes tipos de textos escritos: expositivos, narrativos, descritivos, etc. con corrección.
4. Coidar a orde, claridade e presentación dos escritos. Tamén integrar as normas ortográficas, morfosintácticas e léxicas.
5. Producir textos orais e escritos relacionados cos distintos medios de comunicación.
6. Saber utilizar o vocabulario que conforma os campos léxicos adecuados á súa idade. Lembrar o significado do vocabulario visto na clase.
7. Utilizar a lingua galega con fluidez e normalidade (oralmente e por escrito) nos diferentes contextos comunicativos: dixitais e en papel. Producir discursos breves, participar en conversas espontáneas en galego.
8. Responder con corrección as cuestións explicadas na clase sobre morfoloxía e sintaxe.
9. Identificar o xénero ó que pertence unha obra literaria.
10. Aplicar técnicas de análise do contido e estratexias de lectura comprensiva. Comprende, sintetiza e interpreta textos da vida cotiá, dos medios de comunicación., mensaxes, normas e instrucións (actitude reflexiva e crítica)
11. Partindo das propias ideas e experiencias, tomando como modelo as obras lidas ou traballadas na clase, producir textos de intención literaria.
12. Describir e analizar a situación sociolingüística e legal de Galicia e das linguas de España.
13. Comentar oralmente ou por escrito os libros de lectura obrigatoria demostrando a súa lectura.
14. Respetar o protocolo propio de EDIXGAL. Utilizar os recursos TIC , plataforma EDIXGAL e Aula Virtual do centro.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Procedementos: ao comezo do curso farase unha **proba de avaliación inicial** para vermos o dominio oral e escrito da lingua galega que ten o alumnado e para podermos adoptar as medidas oportunas. Este é o conxunto de estratexias e técnicas de obtención de información, que guiará o proceso de avaliación dos alumnos/as e que responde a unha concepción xeral da avaliación asumida polo centro: observación sistemática, análises das producións dos alumnos, intercambios orais cos alumnos, probas específicas e cuestionarios.

Instrumentos: O profesorado controlará o caderno do alumnado –dixital/papel- periodicamente e terao en conta na nota da avaliación. Os instrumentos utilizados serán as probas orais e escritas e o traballo diario na aula: composicións, traducións, ditados, test, vocabulario, verbos, presentacións, diálogos, controis, etc. (tanto do traballo dixital coma do resto)

Criterios: En cada avaliación o profesor/a terá en conta para a cualificación do alumno/a todas as anotacións do caderno de seguimento individual do alumnado: chamadas, tarefas realizadas, controis, libros lidos, progresión, actitudes positivas e negativas facendo unha media ponderada de todo (ata 50% probas escritas e orais individuais e, un 10% o libro de lectura obrigatoria, un 20% a

oralidade galega (exposicións orais, diálogos, dramatizacións) e un 20% o resto (cartafol do alumnado, tarefas TIC e pequenos proxectos... etc). Á nota resultante sumaránselle os libros voluntarios (ver plan lector) .

Na **convocatoria extraordinaria** o Departamento elaborará unha proba baseada no traballo do curso (ver contidos). Para aprobar cómpre un 5 na proba (de 4,5 a 4,9 redondearase a 5, de 4,1 a 4,4 redondearase a 4).

O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente. A avaliación será continua, en números do 1 ao 10.